EXERCICIOS DE REFORZO/APOIO. UNIDADE 6

Debes ir respondendo as actividades que se che propoñen sen mirar as respostas e usando como guía o documento da Unidade.

1. Une as unha palabra da columna da esquerda coa súa correspondente da esquerda e fai unha frase breve que explique a relación histórica entre ditas palabras.

Sabino Arana	Militares
Caciquismo	Artigo 29
Lei de Xurisdicións	Pistoleirismo
Trienio Bolxevique	Fraude electoral
Republicanos	PNV
Desastre de Annual	Movemento Obreiro
Maura	Marrocos
Guerra de Cuba	Rexeneracionismo

RESPOSTAS

O caciquismo e o fraude electoral foron os instrumentos utilizados polos dous partidos dinásticos para monopolizar o poder político durante a Restauración.

Os republicanos e o movemento obreiro, xunto aos nacionalistas, foron os principais grupos da oposición, marxinados do poder político durante a Restauración.

A guerra de Cuba e en Filipinas, coa derrota fronte a EE UU, viviuse en España coma un desastre, xurdindo un movemento de opinión que resaltou a decadencia do país e a necesidade de facer cambios: o Rexeneracionismo.

As reformas feitas polo político conservador Maura coa finalidade de reformar o sistema electoral foron un fracaso, sobre todo o famoso artigo 29 da lei que permitía a proclamación automática dos candidatos únicos dun distrito, sen celebrarse eleccións.

A Lei de Xurisdicións supuxo a volta dos militares á vida política, concedéndolle aos tribunais militares a xurisdición sobre os chamados delitos contra a unidade da Patria.

Despois de 1917 a conflitividade social foi constante en Andalucía, no chamado Trienio Bolxevique, e en Cataluña con enfrontamentos armados entre obreiros e empresarios, o pistoleirismo.

O desastre de Annual foi a derrota máis importante do exército español na colonia española de Marrocos, provocando unha forte crise política.

Sabino Arana foi o ideólogo do nacionalismo e fundador do PNV en 1895.

- Contesta a seguintes preguntas tipo test:

1. Partido liderado por Sagasta que compartiu o poder co Partido Conservador de Cánovas	
2. Compartía o poder lexislativo coas Cortes segundo a Constitución de 1876	
3. Anos nos que gobernaron os republicanos e sociallistas durante a Restauración	
4. Axentes electorais dos partidos dinásticos	
5. Ideoloxía da maioría do movemento obreiro	
6. O rexeneracionista máis importante	
7. Resposta do Goberno ante as reclamacións obreira na Folga Xeral de 1917	
8. Movemento de recuperación cultural da cultura catalá	
9. Nome despectivo co que Sabino Arana se refería aos inmigrantes 'españois'	
10. Corrente política orixe do nacionalismo galego	

RESPOSTAS

1. Partido liderado por Sagasta que compartiu o poder co Partido Conservador de Cánovas	Partido Liberal
2. Compartía o poder lexislativo coas Cortes segundo a Constitución de 1876	Rey
3. Anos nos que gobernaron os republicanos e sociallistas durante a Restauración	Ningún
4. Axentes electorais dos partidos dinásticos	Caciques
5. Ideoloxía da maioría do movemento obreiro	Anarquista
6. O rexeneracionista máis importante	Joaquín Costa
7. Resposta do Goberno ante as reclamacións obreira na Folga Xeral de 1917	Represión
8. Movemento de recuperación cultural da cultura catalá	Ranaixença
9. Nome despectivo co que Sabino Arana se refería aos inmigrantes 'españois'	Maketos
10. Corrente política orixe do nacionalismo galego	Provincialismo